



Concello de Meaño

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ESCUDERÍA CONGOSTRA TEAM SANXENXO (CIF G36576346) QUE TEN POR OBXECTO ARTICULAR A CONCESIÓN DIRECTA, AO ABEIRO DO ARTIGO 22.2.C) DA LEY 38/2003, DE 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCÍONS, DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA CONGOSTRA TEAM SANXENXO PARA V RAYLLE DE PONTEVEDRA.

En Meaño, PARTICIPAN:

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº **3097***, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde en funcións , en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D. José Antonio Otero Domínguez, con DNI nº **315***, na súa calidade de presidente da Escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO, quen ratifica a súa condición de presidente desta entidade, a vez que manifesta que a mesma se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local e que non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Asiste como fedataria pública D^a M^a Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora do Concello de Meaño.

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para á firma do presente CONVENIO e para o efecto EXPOÑEN:

Que o Concello de Meaño ten como unhas das súas competencias a promoción da actividade turística de interés e ámbito local e do deporte, de acordo co previsto no artigo 25.2. apartados h e l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O deporte constitúe una actividade que incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera





Concello de Meaño

que o impulso municipal á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén no desenvolvemento local.

Por outra parte, a acollida deste evento deportivo de primeiro nivel contribuirá a promoción turística de Meaño xa que reporta a presenza de medios de comunicación e os asistentes ao evento, así como a súa difusión a través das redes sociais.

A Escudería Congostra Team Sanxenxo e o Concello de Meaño coinciden no obxectivo da divulgación e recoñecemento dos valores da práctica deportiva, neste caso do deporte a motor e a súa promoción, que tamén directamente contribuirá á promoción turística do Concello de Meaño.

A tal efecto a Escudería Congostra Team Sanxenxo, organiza o V RALLYE DE PONTEVEDRA, que se desenvolverá os días 2, 3 e 4 de xuño de 2023, coa base central en Sanxenxo e desprazarase aos concellos de Meaño, Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro e Moraña. O treito de Meaño disputarase no sábado día 3 de xuño de 2023 contando con tres pasadas distintas ao longo do día.

A Escudería Congostra Team Sanxenxo e o Concello de Meaño coinciden no obxectivo de divulgación e recoñecemento dos valores da práctica deportiva e a súa promoción social.

Este evento se encadra no marco das iniciativas do Concello de Meaño para a promoción deportiva e turística dada a repercusión social e económica que a celebración deste evento suporá neste termo municipal e que o Concello de Meaño terá presenza na publicidade e difusión deste evento, aproveitando o impacto que xera entre os afeccionados.

Dado o carácter puntual e excepcional deste evento, que dificulta a convocatoria pública dunha subvención e as acreditadas razóns de interese público, social e económico do mesmo, é polo que se articula o presente convenio, que ten por finalidade canalizar a concesión directa, ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dunha subvención á escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO para a organización do V RALLYE DE PONTEVEDRA.

Segundo a regulación contida nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público, son convenios de colaboración os acordos con efectos xurídicos adoptados polas





Concello de Meaño

Administracións Públicas entre si ou con suxeitos de dereito privados para acadar un fin común, que contribúan a realización de actividades de utilidade pública ou interese xeral.

CLAÚSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración económica entre o Concello de Meaño e a escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO para a organización do V RALLYE DE PONTEVEDRA, que desenvolverá o treito de Meaño o día 3 de xuño de 2023.

SEGUNDA.- SUBVENCIÓN E FINALIDADE. O importe da subvención ascende a 2.500,00 €, e serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000.

A devandita axuda será destina ao financiamento de gastos da organización do V RALLYE DE PONTEVEDRA.

TERCEIRA- COMPROMISOS.

A escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO comprométese a:

- 1) Realizar a actividade subvencionada, segundo a normativa en vigor que rexe para a organización deste tipo de eventos deportivos.
- 2) Celebrar o día 3 de xuño de 2023 un treito do V RALLYE DE PONTEVEDRA no termo municipal de Meaño, con tres pasadas distintas ao longo do día.
- 3) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- 4) A facer a debida publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño de forma clara e inequívoca; incluíndo o logotipo do Concello de Meaño en tamaño suficientemente visible en toda a publicidade en formato físico e dar conta de sponsorización nas publicacións que se poidan





Concello de Meaño

levar a cabo en emisoras de radio, televisión ou similar.

5) O desenvolvemento deste evento será por conta e risco da escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos, danos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste evento.

6) Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede subvención.

7) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos.

8) Acreditación ante o Concello de ter realizado o pago dos gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria. Esta acreditación deberá efectuarse no prazo de 5 días hábiles desde a precepción da axuda. O incumprimento deste compromiso dará lugar a tramitación do correspondente expediente de reintegro da axuda concedida.

O Concello de Meaño comprométese a colaborar economicamente segundo se sinala na cláusula SEGUNDA.

CUARTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

QUINTA. LIBRAMENTO DA AXUDA. FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PRAZOS

Para percibir a subvención a escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO deberá presentar a seguinte documentación por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño:

- * Memoria xustificativa da competición.
- * Factura/as ou documento equivalente, indicando concepto e importe, conformada polo/a





Concello de Meaño

Presidente/a da asociación.

- * Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).
- * Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega.
- * Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.
- * Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago.
- * Xustificación da publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, se terá por desistida a petición de libramento de fondos correspondentes á axuda concedida, e se arquivará previa resolución dictada nos termos do artigo 21 da citada norma.

O prazo de xustificación será de 30 días naturais a contar a partir da celebración deste evento. De non xustificarse antes de ditas datas perderase o dereito a esixila.

SEXTA.- RESPONSABILIDADES

A escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO queda sometida á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola concelleira de educación, cultura, deporte, ocio e tempo libre, un/unha empregada pública do Concello de Meaño e o presidente da Escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de se-





Concello de Meaño

lo caso, arbitra-los mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

OTAVA.- REVOGACIÓN

O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:

- Non reunir os requitos legalmente establecidos para acadar a condición de beneficiario de axudas e subvencións públicas.
- Obtención da subvención falseando as condicións requeridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- Resistencia, escusa ou obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

NOVENA.- VIXENCIA

A vixencia do presente Convenio será de dous meses, a contar desde o día da súa sinatura.

DÉCIMA.- NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN





Concello de Meaño

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e publicado no portal de transparencia do Concello de Meaño, autorizando expresamente os asinantes a publicación dos seus datos persoais.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade os participantes asinan dixitalmente o presente Convenio.

O alcalde en funcións

O presidente da escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO

A secretaria do Concello

